



# máis alá!

nº 4 maio 2010

## 17 de maio, sempre!

Acompañando milleiros de persoas, o Movemento Galego ao Socialismo sae tamén á rua: o 17 de Maio volve reunirnos hoxe para celebrarmos a nosa existencia como povo e un dos seus primeiros sinais de identidade: a nosa lingua.

Temos que recordar primeiro, que hoxe como onte, o conflito lingüístico existe na Galiza. Mais non é aquel que nos queren vender: é un conflito de séculos que deriva da existencia de dúas linguas en contacto, e que consiste na substitución da lingua histórica e propia do noso país, o galego, por outra introducida (o español) a raíz da subordinación política de Galiza dentro das distintas estruturas políticas do Estado español. Esta substitución e as políticas encamiñadas para este efecto existiron en diversas formas e en todos os réximes, especialmente desde o século XIX, e non ten desaparecido.

Hoxe continúa vixente a posición subordinada que ocupa o galego no noso país, tanto a nivel social como legal. A situación legal consiste na obriga legal de coñecer o español, no entanto para o galego só existe o dereito a uso, mais non a obrigatoriedade do seu coñecemento. Esta sub-oficialidade está consagrada na Constitución española e no Estatuto de Autonomía. Ademais, isto provoca efectos ben reais: adiamentos e dilacións ao requirir servizos ou documentos en galego (registros, contratos, notarias...), por exemplo. Ademais, é claro que o galego non ten a visibilidade na rúa, nos medios, nas empresas etc. acorde co seu número de falantes: é consecuencia, entre outras cousas, de que o poder e o prestixio estivo sempre ligado ao uso do español, por efectos da nosa longa historia de represión lingüística; polo que a cuestión lingüística ten tamén puntos de conexión coa de clase, ao seren aínda hoxe maioritariamente as clases populares as mantedoras do idioma.

Así, non é de estrañar a continua descida de falantes, algo que constatan todos os estudos e que podemos constatar visibelmente nas nosas rúas, especialmente as urbanas, onde os galego-falantes na mocidade son bem escasos.

Na Galiza hoxe é no ámbito do ensino onde se manifesta com mais forza os ataques á lingua. Primeiro, porque neles se teñen conseguido avanzos na súa presenza

efectiva. Segundo, porque ao afectar a um aspecto básico da sociedade, este atinxe a certos sectores sociais que desexarían ver o galego fora das súas vidas, e porque, por último, estes sectores saben que o ensino é un factor fundamental de contacto das crianzas e mozos coa lingua, e que eliminalo aí reforzaria o exterminio que planifican para o noso idioma. Así pois, o decreto sobre a presenza do galego no ensino que se quer aprobar virá consolidar e acelerar esta situación de subordinación para traballar na dirección do exterminio.

Desde a exitoso paro e manifestación do 21 de Xaneiro no ensino, o PP non ten variado a súa postura no máis mínimo. Mesmo ten implementado máis medidas de ataque á lingua, como pode ser a última eliminación do cota de libros en galego a mercar polas bibliotecas públicas escolares. E ademais, ten colleitado mais rexeitamentos, como o do Consello Consultivo, que se veñen

sumar ao rexeitamento unánime da comunidade educativa e de todos os organismos consultados (mesmo o Consello da Cultura Galega ou a Real Academia Galega).

Debemos recordar tamén que decretos anteriores e similares do PP sobre a presenza do galego na docencia do ensino non garantían sequera o coñecemento do galego: estudos recentes revelan mesmo a existencia un 20% de analfabetos en galego na mocidade.

O Decreto que se vai substituír, o 124/2007 que estaba en vigor, é de mínimos, a aplicación literal do Plan de Normalización Lingüística aprobado no Parlamento en 2004 por todos os grupos. Este Decreto marcaba o máximo compromiso posíbel por parte do nacionalismo, polo que non podemos aceptar que dun mínimo do 50% se pase a um tope máximo para o galego que non existía, impoñendo por primeira

continua>>



&gt;&gt;

vez o uso obrigatorio do español: este é un dos maiores ataques do decreto. Así, vai provocar que, en determinados centros, aulas desenvolvidas até agora en galego pasen a querer darse en español, retrocedendo no uso da lingua mesmo coa oposición dos docentes.

O camiño para recuperar falantes, e para fazer do galego a lingua normal de uso na Galiza, a lingua preferente da maioría social e de todas as relacións que se desenvolven

nela é ben outro. É evidente para nós que iso só poderá asegurarse firmemente nunha Galiza soberana e independente, mais mesmo no actual cadro xurídico-político moitas cousas poden ser feitas: políticas distintas, mais encamiñadas cara a recuperación do idioma, dan mellores resultados noutros países sen Estado, sexa no español como Cataluña, ou no Quebeque. No ensino nestes momentos é preciso defender o avance táctico que supuña o anterior Decreto, no camiño de

mudarmos o modelo e conseguirmos un ensino integramente en galego. Temos que exixir todos os dereitos lingüísticos que nos corresponden, os que se incumpren desta lexislación e outros non recoñecidos, temos que loitar contra a represión laboral por tema de lingua e defender co monolingüismo personal a presenza do idioma en todos os ámbitos. Porque o que queremos é que todos os días sexan 17 de Maio, defendamos todos os días o noso idioma!

## sobre a inmersión lingüística

O poder podrece e inutiliza a linguaxe. Acostumáronnos á prostitución constante das palabras: habituados a facerse donos de case todo, queren apropiarse tamén da linguaxe: podemos pensar na democracia, na guerra contra o terrorismo, na liberdade - "lingüística" e en xeral- e en cantos crimes aínda se cometen no seu nome. Mais se falamos de lingua galega, recoñecerá aos seus inimigos cando lancen a súa acusación favorita: a "imposición" na vulgata masivamente amplificada, e a "inmersión lingüística" se queren fiar máis fino. Tanto callou esta falacia, que a RAG chegou a se sentir impelida a aclarar, no seu informe do 16 de xaneiro, que a a inmersión "é un simple método de aprendizaxe, non un proceso de limpeza étnica". Contra unha accusatio tan obscena como manifesta, unha excusatio necesaria mais triste, xa que nunca teríamos que ter chegado ata aquí.

Citaban no informe mencionado un método para aprender latín (de 1643!) baseado neste principio, pero tamén experiencias actuais do British Council, a Alliance Française ou o Goethe-Institut (e o Camões, poderíamos engadir). Fronte a esta experiencia internacional, avalada por extraordinarios resultados, a Xunta opón o discurso do conselleiro de Cultura, capaz de perderse en Desván de los Monjes, e do de Educación, empeñado en ver "un muro para o futuro" no galego, do que se deriva unha actuación coherente: se un muro nos impide avanzar haberá que derrubalo. E iso é o que anuncian a boca chea cando reducen o galego no ensino, nun ataque preventivo contra os perversos defensores da inmersión lingüística.

Ao final, que é iso da inmersión lingüística? Para empezar, todo o mundo intúe que é o

mellor mecanismo para aprender calquera lingua se se pode acceder a ela; tanto é así que o Ministerio de Educación español ou a Xunta si ofrecen este programa para aprender linguas como o inglés ou o francés. Mais isto é inaplicábel para o galego, aseguran desde a Xunta, porque pon en risco a convivencia, ao existir dúas linguas en contacto. Sen embargo, o certo é que o sistema comezou a ser aplicado no Quebeque nos anos 60, para potenciar o francés fronte a unha lingua tan poderosa como o inglés, e posteriormente na Catalunya, con resultados igualmente salientábeis. Milleiros de estudos no Quebeque demostran que os programas de inmersión non perxudicaron as habilidades de fala na outra lingua, nin o desenvolvemente cognitivo en ningunha materia, como afirman os teimudos propagandistas da letanía da manipulación, senón ao contrario.

Non se trata máis que de isto: poñer aos estudantes en contacto -en "mergullo"- durante a maior parte do horario lectivo con a lingua ameazada por un secular proceso de substitución, que ademais vén a ser a lingua propia do país, pormenor que debería ter a súa certa relevancia.

Entón, por que a inmersión lingüística? A resposta debería de ser obvia, mais de novo vémonos obrigados a defender o evidente, dada a perversión da linguaxe: porque a nenez é a mellor etapa para acadar unha competencia real en galego, porque os nenos non teñen medo a aprender a lingua



minorizada e presentan menos prexuízos que os adultos -que poden ser eliminados progresivamente ao longo do proceso educativo- porque mellora o resto de actividades académicas, porque implica a nenos e pais na recuperación da lingua... É un método válido, contrastado, útil... é dicir, o antónimo do que experimentamos durante case tres décadas de autonomía (no que se inclúe o avance rexistrado na época do bipartito, agora a punto de desaparecer): un método de "bilingüismo harmónico" baseado na suboficialidade e subsidiariedade da lingua propia, con resultados contrastados á hora de acelerar a perda de galegofalantes, e absolutamente inútil para os seus obxetivos declarados. Dado o estado actual da cuestión e a correlación de forzas, e os motivos polos que hoxe estamos na rúa, é evidente que estamos aínda moi lonxe desta proposta, mais aspiramos, algún día máis cedo do que tarde, a percorrer o camiño menos transitado, gozando da paisaxe. De certo que apreciaríamos a diferenza.



# MOVIMENTO GALEGO AO SOCIALISMO

POLA LIBERACIÓN NACIONAL E A XUSTIZA SOCIAL